

# O pozo do claustro do Museo Provincial de Lugo e o ritual dos tres desexos

---

Antonio Reigosa Carreiras  
ORCID ID: 0000-0002-5131-3627

**Resumo:** O pozo do claustro do Museo Provincial de Lugo, amais de ser unha pequena xoia arquitectónica, está vencellado ao pasado histórico do edificio conventual e a unha práctica ritual para pedir que se cumpran uns desexos. Describimos e analizamos este ritual, así como o significado simbólico dos elementos (auga, moedas) que interveñen nel.

*Resumen:* El pozo del claustro del Museo Provincial de Lugo, Además de ser una pequeña joya arquitectónica, está vinculado al pasado histórico del edificio conventual y a la una práctica ritual para pedir el cumplimiento de unos deseos. Describimos y analizamos este ritual, así como el significado simbólico de los elementos (agua, monedas) que intervienen en él.

*Abstrac:* The well in the cloister at the Provincial Museum of Lugo, in addition to being a small architectural gem, is tied to the historical past of the convent building and to the ritual of making wishes. We describe and analyse this ritual, as well as the symbolic meaning of the elements (water, coins) involved in it.

No centro do claustro do antigo convento franciscano de Lugo, hoxe integrado no edificio que ocupa o Museo Provincial, existe un pozo duns, aproximadamente, sete metros e medio de profundidade (fig. 1). O brocal é circular (158/100), feito de cantería con muro de cachotería e unha altura de 0,90 m. A partir do nivel do chan o interior da caldeira ten forma cadrada e está revestida con laxas de pedra. Sobre a *albardilla* de remate do brocal apoia un soporte de ferro, rematado artisticamente nunha flor de lis, do que penduran a roldana, a cadea e o balde.

Segundo información oral, facilitada por Jesús Amor Vázquez, operario que traballou para a empresa Varela Villamor S. L. nas obras de consolidación e rehabilitación do claustro, a mediados do século XX, o pozo entón estaba tapado e inutilizado. Foi entón, no transcurso daquelas obras anteriores á apertura do Museo neste edificio en 1957, cando se construíu o brocal actual e se lle puxo o remate co arco de ferro, obra



Fig. 1.

esta dun ferrallista chamado Brea que tiña taller no Carril dos Fornos próximo á rúa Nova e ao propio edificio do Museo (fig. 2).

Apenas hai referencias documentais sobre a primitiva existencia deste pozo aínda que podemos supoñer que mesmo puido existir desde a construción do edificio co obxectivo de atender as necesidades de auga dos seus residentes, primeiro dos frades franciscanos que o ocuparon, presumiblemente, desde o século XIII ata a desamortización no século XIX, e despois, antes de converterse en Museo en 1957, como Casa de Beneficencia, amais doutros usos esporádicos. Actualmente a auga non é potable e non se fai ningún uso dela.

Sabemos por referencias documentais, constatadas recentemente en escavacións arqueolóxicas, que no século XVIII se construíu un ramal do coñecido como acueduto do Bispo Izquierdo para levar auga ata un pozo situado, fose ou non o que nos ocupa, no convento de San Francisco.

Para coñecer o estado do pozo do claustro en datas anteriores ao ano 1957 (fig. 3) só dispoñemos dunha fotografía, realizada entre 1910 e 1915 para o editor de postais Rogelio Nomdedeu. Nesta imaxe obsérvase o pozo, coa roda da manivela para sacar a auga, xunto co que semella ser unha pía ou lavadoiro, cubertos por unha estrutura a dúas augas en dirección norte-sur. No texto que aparece manuscrito no anverso desta postal figura o ano 1926 (fig. 4). Segundo nos comenta o investigador J. Reboredo Pazos, existe outra fotografía do ano 1929 coa mesma composición.



Fig. 2

A profesora Ana Goy fai mención doutra estrutura que existiu no ángulo noroeste e que constaba dun telladiño que se sostíña sobre piares de sección hexagonal<sup>1</sup>. Supón esta investigadora que este alpendre puido servir para protexer unha fonte ou un pozo e que non pode ser anterior á primeira metade do século XVI (fig. 5).

### O ritual dos tres desexos no pozo do claustro

Desde o ano 1982 temos observado como hai persoas que se achegan a este pozo para tirar unha ou máis moedas ao tempo que, sen pronuncialos en voz alta, expresan un, dous, tres ou máis desexos, sempre, loxicamente, co anxeio de que se cheguen a cumprir. En canto á práctica do ritual hai algunhas variantes. Hai quen se sitúa de fronte, mesmo apoiándose no brocal, e tira unha ou tres moedas e hai quen, pódose de costas ao pozo, tira unha soa moeda por enriba dun ombro. No fondo do pozo quedan moitas destas moedas, a maioría de escaso valor. Na época anterior ao euro predominaban as dunha peseta ou de menor valor, rara vez se vían moedas con valor superior ao dun *peso* (5 pesetas). Desde que circula o euro como moeda de curso legal as que máis se usan son as de 10, 20 e 50 céntimos de euro. De cando en cando, escóitase comentar a algún visitante que volve ao mesmo lugar porque se lle cumpriu todo o que pediu.

<sup>1</sup> (Goy 2011: 123)



Fig. 3

Para intentar achegar os lectores a un coñecemento máis preciso desta práctica, imos facer un breve percorrido polo simbolismo e significado dos elementos que interveñan no ritual e comentar a casuística doutros casos parecidos.

### A auga

A auga é un regalo dos deuses, imprescindible para a vida. No antigo Exipto representábase a fertilidade cun tazón cheo de auga. A auga limpa e purifica, lava a suciedade e, simbolicamente, tamén a enfermidade e o mal. O rito do bautismo cristián reproduce prácticas antiquísimas que consistían en mergullar o acabado de nacer na auga dun lago ou dun río.

Todas as augas, as frías e as caldas, as correntes e as estancadas, as do ceo e as do mar, as dos pozos e as dos mananciais, son respectadas, mesmo reverenciadas, pois axudan a recuperarse da enfermidade e a combater a infertilidade.

Desde antigo rendémoslle, e seguimos rendéndolle, culto ás augas, ofrecéndolles agasallos aos deuses, seres ou espíritos que habitan nela para que nos concedan o que lles pidamos.

Por iso temos tantas fontes santas, que son a orixe de centos de santuarios nos que se practican ritos aos que se lles atribúen capacidades curativas e milagrosas.



Fig. 4

### O simbolismo dos pozos

Os pozos son símbolo do principio feminino e a súa auga é liminal, porto ou paso de entrada e saída do inframundo. A auga do pozo simboliza a purificación do desexo<sup>2</sup>. Odín, o deus nórdico, perdeu un ollo para poder beber as augas da memoria do pozo de Mimir e así conseguiu saber dos sucesos do pasado e do futuro. No xogo da oca o pozo representa a caída. Un pozo nun escudo heráldico simboliza a sabedoría. Nos rituais incíaticos o coñecemento e a verdade sitúanse sempre no máis profundo dos pozos, por iso se lles obrigaba aos aspirantes a enfrontarse ao medo baixando ata o máis escuro dun pozo. Na Quinta da Regaleira, en Sintra (Portugal), hai un destes pozos incíaticos cuxa orixe se relaciona con rituais masónicos. Para os budistas, en cambio, o home “ascende” ata a plenitude espiritual desde o fondo dos pozos.

Na cultura celta o pozo era un *nemeton*, un santuario. Celebráronse e aínda se celebran numerosos festivais arredor de pozos sagrados en Irlanda, Escocia, Gales, Inglaterra, Illa de Man, Francia, moitos agora cristianizados e presididos por santos e santas que substitúen a Lug, a Brigantia ou á deusa tripla Coventina. O mesmo sucede

<sup>2</sup> Paul Diel. *El simbolismo en la mitología griega*, Ed. Labor, Barcelona, 1976



Fig. 5

en Galicia e en boa parte da península Ibérica onde abundan as fontes e os pozos con folclore vinculado ás mouras e a outros encantos e tamén cristianizados en boa parte dos casos.

Para non saírmos do ámbito dos conventos franciscanos e dos pozos neles existentes anotamos algún exemplos relacionados coas capacidades curativas das súas augas.

Dentro das dependencias do convento de San Francisco de Badajoz había varios pozos, entre eles o chamado Pozo de San Antonio: «La popularidad del convento fue aumentando con la creencia de que el agua del pozo de **San Antonio** que estaba dentro de la cerca de éste, tenía poderes curativos» (Cruz 1993-1995: 215).

Na “Chronica serafica de la santa provincia de Aragon de la Regular Observancia de nuestro padre San Francisco”, de Joseph Antonio de Hebrada, ano 1703, cóntase das calamidades e enfermidades padecidas por un veciño de Teruel chamado Martín Amigo e como sempre se recuperaba bebendo auga do Pozo dos Mártires do convento de San Francisco, iso si auga “tocada” coas reliquias dos santos mártires San Xoán e San Pedro.

En Trancas, Tucumán (A Arxentina) existe o Pozo do Pescado, un manancial que brotaría milagrosamente onde chantou o bastón un frade franciscano español chamado chamado San Francisco Solano (1549-1610). O santo favorece os que visitan esta fonte ou pozo por primeira vez intercedendo para que lles sexan concedidos tres desexos.

## Ritos e ofrendas con moedas

No mundo antigo, como vemos, facíanselles ofrendas ás divindades das augas, aos deuses e ás deusas, ás ninfas das fontes, pozos ou ríos, especialmente nos mananciais de augas termais coñecidos desde o 8000 a. C. e convertidos en balnearios moi concorridos entre os séculos I a. C. e II d. C.

Plinio, o Xove, escritor latino do século I d. C., conta dunha fonte que había nos arredores de Roma coas augas tan transparentes que se podían contar as moedas pousadas no fondo. A orixe desta práctica, restos de vellos cultos a diversas divindades (Aironi, Coventina, Proserpina, Edovio, Navia...), pérdese na noite dos tempos.

Hai lugares nos que o rito se fai nun día sinalado, outros nos que se di que a moeda debe caer de cara para que se cumpra o desexo, e outros máis, xa cristianizados, nos que é algún santo, santa ou virxe o que nos concederá, ou denegará, o favor de conceder o pedido.

Xa en época romana se facían estas ofrendas botando moedas á auga, especialmente *ases* ou *stips*, pezas de bronce de pouco valor que tamén se usaban para dar esmolas ou para contribuír ao financiamento do exército ou dunha obra pública. Era o chamado *stipendium* (estipendio), unha taxa da que tamén fixeron uso as autoridades eclesiásticas co obxectivo de recadar dos fieis unha cantidade para dedicar as misas a unha determinada intención. O vocablo *stipe*, ademais de ser o nome común destas moedas de pouco valor, levaba implícito o significado de ofrenda ou exvoto.

No chamado Pozo de Coventina, no antigo forte romano de Brocolitia, en Carrawburg (Inglaterra) localizáronse máis de 16.000 moedas célticas e romanas xunto con outras moitas ofrendas. Coa dedicatoria a esta deusa, consérvanse no Museo de Lugo dúas aras atopadas na provincia, unha en Loio (Paradela) e outra en Os Curveiros (Guitiriz).

A principios do ano 2011 os reitores do **Fairy Park** da cidade australiana de Melbourne denunciaron o roubo das moedas, moitas enferruxadas, depositadas no seu Pozo dos Desexos nos 8 anos precedentes. Calcularon que as moedas roubadas sumarían uns 30.000 dólares e que pesarían arredor de 270 quilos, mais en declaración aos medios de comunicación dixeron que o que peor lles sentou non foi a desaparición dos cartos senón o quebranto na ilusión de moitos nenos e nenas.

## O simbolismo das moedas

As moedas son símbolo da sorte e da abundancia. O costume de intercambiar as trece arras (doce moedas de ouro ou prata e unha doutro metal) entre os noivos cando se desposan atrac os bens para a parella.

En canto a que habitualmente sexan tres as moedas é crenza antiga, e mística, considerar o tres como o número máis perfecto pois contén **o principio, a metade e a fin**. É un número ritual, máxico e mítico, que comprende os tres aspectos que pode contemplar a mente humana: o espiritual, o moral e o real.

Alí onde hai un pozo con sonda de dadivoso é práctica habitual entre os viaxeiros, ao tempo de botar unha, dúas ou tres moedas na auga, facer unha rogativa ou expresar un, dous ou tres desexos (especialmente o de volver a visitar ese lugar) agardando que se convertan en realidade. As peticións que se soen facer teñen que ver maioritariamente, e por esta orde, con asuntos de saúde, de amor e de cartos.

Que se usen nestas ofrendas moedas de escaso valor tivo e ten sentido práctico xa que, de non ser así, durarían pouco tempo á vista da xente pois foi e sigue sendo habitual que detrás do peticionario que tira estas moedas na auga vaian recollelas, en caso de seren de valor, algún oportunistas.

### Algúns outros pozos dos desexos

Case se pode asegurar que non hai cidade do mundo que non teña un ou máis pozos ou fontes onde se poida pedir algún desexo a cambio de botar nas súas augas algunha moeda.

No pozo que hai no barrio de Chinatown, na cidade de Los Ángeles (USA), pídesse o desexo mentalmente e tírase a moeda á auga; se cae no fondo do pozo cara arriba, considérase concedido pero se sae cruz, non.

No santuario de Santa Rosa de Lima, en Perú, tamén hai un Pozo dos Desexos ao que acoden os fieis da santa todos os 30 de agosto. Os devotos escriben a súa petición (de saúde, amor, fortuna) nun papel que logo botan ao pozo.

A Fontana di Trevi, o fermoso monumento barroco que hai da cidade de Roma, era antigamente o extremo dun dos acuedutos que levaban a auga ata a cidade, e desde o século XVIII é visitada cada ano por milleiros de turistas que van alí para pedir tres desexos a cambio dunhas moedas. O rito esixe que as moedas se tiren de costas, e coa man dereita por enriba do ombro esquerdo, sendo obrigado que un deles sexa o de pedir volver a Roma antes de morrer. Unha imaxinativa e efectiva iniciativa do *marketing* turístico para atraer masivamente turistas á cidade de Roma.

Na película de Federico Fellini *La dolce vita* (1960) (no estado español non se puido visionar por mor da censura ata 1980) hai unha escena memorable que recrea o baño nocturno de Anite Ekberg e Marcello Mastroianni na Fontana di Trevi. quen non botaría unha moeda naquela fonte pedindo poder volver para ser un dos protagonistas nun posible *remake* da película!

### Outras peticións diante dos pozos

A auga dos pozos, con ou sen intermediación de moedas, actúa coma un espello ao que se lle poden pedir outro tipo de desexos como o de poder ver a imaxe do futuro esposo:

«Una muchacha de la isla de Andros me contó otra forma de adivinación mediante el agua: se dice allí que era costumbre que las muchachas sostuvieran un espejo encima de un pozo y mirasen para ver en él el rostro de su futuro marido, reflejado desde el interior del pozo»<sup>3</sup>.

### Pozos perigosos

Hai pozos que conceden favores e hai outros, non obstante, malditos e moi perigosos, entre eles, os pozos peagos, piagos mouros, negros ou do Inferno.

Son pozos xeralmente situados en ríos ou lagoas de terra adentro ou en furnas mariñas, nos que vive o Demo ou algún ser demoníaco como serpes ou encantos maliciosos. Son pozos sen fondo, dos que nunca se regresa; parece que comunican coa parte do Outro Mundo que goberna o Demo (aos ollos da ortodoxia do cristianismo) e que conducen directamente ás mesmísimas caldeiras do Inferno.

En Galicia hai rexistradas varias dúcias destes pozos aos que se lle atribúe, entre outras maldades, o asolagamento dunha cidade, a desaparición de persoas e animais (un carro con bois e guiador) ou a garda dun tesouro (que moitas veces é unha campá de ouro) imposible de apañar.

«Na aldea de Teixiera, concello de Baralla (Lugo), fálase da existencia dun pozo misterioso que atrae a xente e gando cando se achegan. Unha vez tragou unha muller cando andaba na procura de pirixel polos arredores e doutra volta enguliu un boi cando pacía por alí<sup>4</sup>».

### Pozo Airón

Este pozo de Teixeira semella pertencer a outro tipo de pozos malditos chamados “airóns”, nome que parece derivar dun deus indixena prerromano, quizais céltico, chamado *Aironi* e que aparece en máis de 80 topónimos da península. En Galicia hai referencia de dous na provincia de Lugo e doutro na de Pontevedra<sup>5</sup>. Tamén as hai no folclore e no romanceiro castelán. Está relacionado coas augas profundas e co inframundo. A lendas relacionadas con estes pozos soen ser tráxicas pois xa é sabido que quen cae nun pozo Airón, igual que pasa nos pozos peagos, xa non regresa.

Doutros pozos, tamén moi perigosos, temos referencias no folclore máis actualizado como este relato que nos di que podemos invocar a Verónica<sup>6</sup>, sabendo de antemán que o risco é enorme:

<sup>3</sup> (Rodd 1892), *The Customs and Lore of Modern Greece*, Londres, D. Scott

<sup>4</sup> Galicia Encantada: *Pozo de Teixiera* (<http://www.galiciaencantada.com>)

<sup>5</sup> (Salas 2006: 7)

<sup>6</sup> Verónica, a moza pantasma que cando se invoca seguindo determinado ritual aparece nos espellos

“Si en un pozo de agua no potable tiras una moneda y pides un deseo, y dices tres veces “Verónica”, por la noche, a las doce aparece Verónica con un brazo de hierro y otro de seda. Si le gusta el deseo, te acaricia con el brazo de seda, y si no le gusta el deseo, te da con el brazo de hierro y te parte la cabeza”<sup>7</sup>

## Conclusión

Neste breve percorrido a propósito do ritual que se practica no pozo do claustro do Museo Provincial de Lugo e do significado da petición de desexos diante dun pozo a cambio dunhas moeda concluíndo que se trata dun costume de orixe antiga que aínda se mantén vivo sen cambios de importancia.

Polo que parece, tamén nestes tempos, que se pregoan liberados de supersticións e falsas crenzas, seguimos acreditando nos pozos como insondables e enigmáticas moradas do sobrenatural, sexan casa de deuses ou de demos.

Quen aínda non experimentase esta cerimonia, debe saber que hai moitos outros pozos nos que o podería intentar pero que non esqueza que no fermosísimo claustro de traza románica, que alberga o edificio do Museo Provincial de Lugo, hai un pozo con sona probada de conceder a maioría dos antollos que se lle solicitan.

## Bibliografía

- A ARTE QUE SE PISA (DVD). *Jesús Amor, artífice do pavimento do claustro do convento de San Francisco*, Lugo, Museo Provincial de Lugo-Fundación TIC: 2011.
- ABAD VARELA, M. «La moneda como ofrenda en los manantiales», en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie II, Historia Antigua*, t. V, 1992, pp. 133-192.
- ALBERRO, M. «La diosa céltica Coventina en las Islas Británicas, Las Galias y Galicia», *Anuario Brigantino*, 27, 2004, pp. 71-90.
- ARRIBAS ARIAS, F., Cuba Rodríguez, X. R., Reigosa Carreiras, A. *Guía do Museo Provincial de Lugo*, Museo Provincial de Lugo / Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo: 2003.
- ARRIBAS ARIAS, F. «Galería fotográfica do claustro de San Francisco», en *O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo-Museo Provincial de Lugo, 2011, pp. 167-217.
- CRUZ VILLALÓN, M. & Díaz González, C. «El convento de San Francisco de Badajoz, cuartel en el siglo XIX», *Norba-Arte*, XIII. 1993-1995, pp. 207-230.
- CUBA, X. R., MIRANDA, X., REIGOSA, A. (1999). *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo, Xerais: 1999.
- GALICIA ENCANTADA. *Enciclopedia da fantasía popular de Galicia* [<http://www.galiciaencantada.com>].
- GOY DIZ, A. «O convento de San Francisco de Lugo na Época Moderna», en *O claustro franciscano do Museo Provincial de Lugo*, Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo-Museo Provincial de Lugo, 2011, pp. 107-143.
- GONZÁLEZ TERRIZA, Alejandro A. «Verónica, la Virgen del espejo y las tijeras. Leyendas etiológicas y rituales de evocación», en *Estudios de Literatura Oral* 7-8 e 9-10, 2003-2004.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. «O culto das fontes no noroeste hispánico», *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología*, Vil, fase. II-III, 1935, 1935, páx.. 73-104.
- LLORÉNS, J. M. «El oscuro simbolismo de los pozos», en *Esfinge*, n.º 17, outubro de 2011
- O CLAUSTRO FRANCISCANO DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO. Museo Provincial de Lugo / Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo: 2011.
- PEDROSA, J. M. «Carreteras peligrosas y locos que cortan cabezas: De un cuento en sánscrito del siglo XII a la leyenda urbana de la muerte del novio», en *Revista Signa*, 16, UNED, 2007, pp. 35-55.
- REIGOSA CARREIRAS, A. «O pozo dos desexos do Museo de Lugo», en *El Progreso*, 7 de marzo de 2010.
- RODD, R. *The Customs and Lore of Modern Greece*, Londres, D. Scott: 1892
- SALAS PARRILLA, M. «Nuevos datos y documentos acerca de Airón, dios prerromano de los pozos». *Culturas Populares. Revista Electrónica* 2, 2006 [<http://www.culturaspopulares.org/textos2/articulos/salasparrilla.pdf>].
- VAQUEIRO, V. (2011). *Mitología de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres*. Vigo, Galaxia: 2011.

<sup>7</sup> (Pedrosa 2007: 48)

Boletín do Museo Provincial de Lugo

XV

# Historia